

"A REGULARIZACIÓN EXTRAORDINARIA DO 2026 DENTRO DO NOVO REGULAMENTO DE ESTRANXEIRÍA "

PROGRAMA DE CLASES EN LIÑA

7, 14 E 21 DE MAIO

O Real Decreto 316/2026 introduce unha reforma relevante do Regulamento de estranxeiría co obxectivo de facilitar a regularización e integración de persoas migrantes en situación irregular, especialmente aquelas que levan tempo en España e non podían acceder a autorizacións por vías ordinarias.

A norma incorpora novas figuras de arraigo e ademais establece un procedemento áxil, con habilitación para traballar desde o inicio da solicitude e medidas de apoio na tramitación.

Este programa de formación está deseñado para dotar aos profesionais da avogacía das ferramentas técnicas necesarias para afrontar o proceso de regularización extraordinaria de 2026. Permitirá abordar de forma práctica o novo marco xurídico, os procedementos aplicables e as principais cuestións interpretativas que presenta a súa implementación.

As dúas primeiras sesións sentan as bases normativas e procedementais, mentres que a terceira se reserva para a análise crítica e o debate aberto sobre a súa aplicación práctica.

INFORMACIÓN DE INTERESE

- **Organiza:** Consello da Avogacía Galega.
- **Formadores:**
 - Juan José Vázquez Rodríguez. Asesor Xurídico do Concello da Coruña.
 - Carmen Rodríguez Torre. Avogada do Ilustre Colexio de Avogados de Burgos.
- **Dirixido a:** profesionais da avogacía colexiados en España.
- **Datas:** 7, 14 e 21 de maio.
- **Horario:** 16-17 horas.
- **Prezo:** 20 euros.
- **Metodoloxía:** tres clases en liña a través da plataforma Zoom. Ao final de cada clase haberá unha quenda de preguntas. Facilitarase a gravación de todo o programa formativo.
- **Inscripción*:** a inscrición realizarase a través de Zoom:
https://us06web.zoom.us/webinar/register/WN_AfnmROkPRxi5PqhmAOWk1g

* O pagamento solicitarase unha vez enviado o formulario de inscrición e realizarase a través da mesma páxina, mediante a pasarela de pagamento de PayPal. As persoas que non dispoñan de conta en PayPal poderán efectuar igualmente o pagamento desde a mesma pasarela utilizando unha tarxeta bancaria.

Unha vez aboado o custo da xornada, remitirase a ligazón para a conexión ao enderezo electrónico indicado na inscrición.

PROGRAMA

❖ 7 de maio: Marco normativo e requisitos de elexibilidade

I. Introdución e contexto político-xurídico: antecedentes. Xustificación da regularización extraordinaria e obxectivos do novo Real Decreto.

II. Suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da modificación:

- Persoas estranxeiras solicitantes de protección internacional.
- Persoas estranxeiras susceptibles de acollerse ao arraigo extraordinario.
- Familiares das persoas interesadas.
- Titulares de autorizacións de residencia por razóns de protección internacional (razóns humanitarias).

III. Requisitos para acollerse á regularización.

IV. As novas figuras de arraigo: como convive este Real Decreto coas figuras de arraigo existentes no Regulamento de Estranxeiría?

❖ 14 de maio: Xestión procedemental e documental. Estratexia administrativa

I. O procedemento administrativo. Formas de presentación das solicitudes e xestión de citas.

- Presentación telemática.
- Presentación presencial.

II. Requisitos, consideracións prácticas:

- Requisito de permanencia ininterrompida. Acreditación documental e cómputo do prazo de permanencia en territorio español.
- Requisitos de seguridade e orde pública. Análise dos antecedentes penais e policiais: interpretación da gravidade e da reincidencia.
- Requisitos no caso dos familiares. Especial referencia aos supostos dos fillos/as no caso de presenza dun só dos proxenitores.

III. A documentación estranxeira. Legalización de documentos, a apostila e tradución oficial (problemática de prazos e caducidades).

IV. A situación de provisionalidade. Xestión da situación de precariedade durante a espera da resolución.

❖ **21 de maio: Clínica xurídica, casuística e dúbidas tras a publicación**

I. Análise da “letra pequena” do novo Real Decreto. Desglose das disposicións adicionais e transitorias tras a súa publicación oficial.

II. Exposición de casuística real: estudo de supostos variados.

III. Coexistencia das novas figuras coas xa existentes no Regulamento de Estranxeiría. Perspectivas de futuro.

IV. Debate. Resolución e posta en común de dúbidas frecuentes.